Roteiro do Pazo de Liñares

Un pazo fortemente vencellado á igrexa de Prado

Percorrido circular con saída e chegada no Pazo de Liñares.
Distancia 2 quilómetros e 600 metros.
Dificultade baixa.

Nesta pequena ruta podemos ver: O pazo de Eirixe. Pertenceu á familia dos Taboada. No s. XVIII pasou á familia Feijoo, que procedía de Pazos de Arenteiro. Os descendentes desta familia ocuparon cargos importantes na sociedade decimonónica, tanto de carácter civil como militar. A igrexa de Prado. É do s. XVI pero nos seus muros conserva paramentos prerrománicos e románicos.